



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 28 DE MARZO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D. Manuel González López (Gr.PP)

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Julián Ramón Seijas Criado (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D. Delfin Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto.

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezaoto, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión ordinaria do Pleno da Corporación, e coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente

declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

I. PARTE RESOLUTIVA.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión realizada o día 25 de outubro de 2017, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

2. RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR AFECTADOS POLAS OBRAS DE “CONEXIÓN DA REDE DE ALCANTARILLADO DESDE ÁREA RECREATIVA DE A VEIGA A BATÁN, 3ª FASE, CONEXIÓN ALCANTARILLADO EN CAMIÑO DO RÍO E MELLORA PAVIMENTOS EN BATÁN DE ARRIBA”. Vista a necesidade de proceder a execución das obras de “Conexión da rede de alcantarillado desde área recreativa de A Veiga a Batán, 3ª fase, conexión alcantarillado en camiño do río e mellora pavimentos en Batán de Arriba” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal de 2018 (POS+2018), debe procederse a ocupación de terreos de titularidade privada. Despois de realizadas xestións pola Alcaldía, dáse conta da necesidade de proceder a adquisición por expropiación forzosa dos bens a ocupar por non haberse cedido de forma voluntaria polos seus titulares.

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 18 de decembro de 2017 polo que se aproba a proposta do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de



CONCELLO DE CABANAS

competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018” da Deputación Provincial da Coruña, que inclúe a obra de referencia e se aproba o seu proxecto técnico.

Considerando o disposto nos artigos 9 e 10 da Lei de Expropiación Forzosa, de 16 de decembro de 1954, e artigo 94 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Visto que segundo ditas disposicións a aprobación de dito Plan provincial leva implícita a declaración de utilidade pública das obras incluídas e polo tanto a autorización para expropiar bens e dereitos necesarios para a súa realización.

De conformidade cos antecedentes e consideracións expostas, visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos do Pleno, e segundo o artigo 3.4 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

1º.- Estimar necesaria a realización da obra incluída no POS+2018 da Deputación Provincial da Coruña, “Conexión da rede de alcantarillado desde a Área recreativa de A Veiga a Batán, 3ª fase, conexión alcantarillado en camiño do río e mellora pavimentos en Batán de Arriba” segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira e aprobado polo Pleno da Corporación en data 18 de decembro de 2017, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras comprendidas no mesmo aos efectos de expropiación.

2º.- Aprobar a relación individualizada de bens e dereitos a expropiar para a execución da obra por non haber sido cedidos de forma voluntaria, que a continuación se citan:

PARCELA			AFECCION (m2).		
Núm.	Ref. Catastral	Propietario	Servidume	Resto parcela	Total
39	15015A01100658	Sanchez Salgado Guillermo	37,06	37,55	74,61
40	15015A01100713	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	64,55	48,77	113,32
41	15015A01100714	Vila Uría José	209,68	18,11	227,79
42	15015A01100715	Vila Uría Jesús	30,33	31,79	62,12
43	15015A01100719	Vila Uría José	59,08	1,92	61,00

3º.- Proceder á publicación deste acordo na forma a que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e Boletín Oficial da Provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados poidan achegar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que deberán fundamentar de forma motivada.

Aos efectos da corrección de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

3. ELIMINACIÓN DE PEAXES NA AUTOESTRADA FERROL - A CORUÑA. PROPOSTA DO GRUPO SOCIALISTA. Vista a proposta do grupo Socialista sobre a gratuidade da AP-9 entre Ferrol e A Coruña, na cal fai referencia a situación económica e



CONCELLO DE CABANAS

demográfica alarmante desta comarca e a discriminación negativa desde a Xunta de Galicia e o goberno de España; aluden a unha liña férrea tercermundista e a necesidade de utilizar a autoestrada AP-9 como única vía para desprazamento áxiles, pero isto implica un lastre pola peaxe para veciños/as de Cabanas que afecta a recuperación demográfica, fai máis pobres e menos competitivas as nosas empresas instaladas en Vilar do Colo ou as do ámbito agrícola e gandeiro, pero tamén afecta gravemente ao sector hostaleiro e turístico, e polo tanto ao desenvolvemento económico do municipio. A situación xeográfica de Cabanas preto dun dos extremos da AP-9 é un dos motivos para solicitar a eliminación das peaxes, pois é a principal vía de comunicación e un elemento fundamental na recuperación económica da comarca.

Por todo elo, propoñen ao Pleno a adopción dos seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia e ao Goberno de España que elimine os peaxes con todas a súas ramificacións da AP-9 entre Ferrol e A Coruña.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez indica que este Pleno xa coñece a postura do BNG, trouxeron varias iniciativas a este respecto, como o fin das bonificacións do IBI ou a gratuidade dos tramos cara Ferrol, celebra que o PSOE se sume ao consenso social con esta proposta, fala do incremento das peaxes e a responsabilidade de ministros galegos, así como a posición que adoptaron o PP e o PSOE, considera que a comunicación é fundamental para este país e o PSOE impide iniciativas, por elo agradece que se sumen ao consenso social e votará a favor.

A concelleira de AEC Sra. García Amor sinala que Franco en 1973 firmou un prazo de 39 anos, pero logo tres gobernos seguiron ampliando prazos, UCD, PSOE e PP ampliaron a concesión outros 36 anos, pasaron 44 e quedan outros 31, fai referencia a inauguración da ponte de Rande e as ampliacións e modificacións que se foron facendo mediante decretos do goberno central, a todos gustaría a gratuidade das autoestradas pero ningún dos gobernos ata agora o levaron aos órganos competentes, a AEC indígnalles que nin uns nin outros o fixeran e agora pretendan que o decida o Pleno de Cabanas, a súa posición coma sempre será a de abstención ante este tipo de propostas.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López manifesta que a todos gustaría que as autoestradas foran gratuítas, pero non entende estas propostas populistas e demagóxicas veñan do partido socialista ao que se lle presupón coherencia e seriedade, varía a súa postura segundo governe ou faga oposición, fai mención as subidas das peaxes cando gobernaba o partido socialista en 2007, 2008 e 2009, tamén a postura en contra da transferencia da AP-9 e que a suba de peaxes vixentes son consecuencia do acordo asinado polo Sr. Rodríguez Zapatero, a ampliación da AP-9 que realiza a concesionaria faise con aumento de tarifas e pagan tódolos usuarios; o grupo popular mantén unha postura coherente, defenden que a autoestrada sexa galega, sen mentir que por ser galega vaia ser gratuíta, velar polo seu correcto funcionamento, acatar e cumprir a lei e as decisións de gobernos anteriores.

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage opina que tódolos partidos que gobernan en ocasión toman medidas populares, non vai dicir que tódalas cousas se fixeran ben porque non lle gustan esas políticas, defende desde o primeiro día que a autoestrada sexa libre de peaxe, é unha proposta do partido socialista en Cabanas e na comarca; critica que o PP fale de bo



CONCELLO DE CABANAS

gobierno cando están a rescatar autoestradas de amigos e logo non hai diñeiro para suprimir as peaxes nestes tramos.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña considera que se está pasando por alto o detalle que cando se están pagando peaxes para unha infraestrutura máis que amortizada e como se comentou os gobernos de UCD, PSOE e PP foron dándolles máis cartos, unha boa parte deses cartos van para paraísos fiscais, as políticas de privatización a entregan ao privado e agora se queren solucionar problemas que veñen de lonxe, teñen dúbidas en apoiar a moción no sentido de estar fartos de pagar peaxes e votará nese sentido, non está de acordo con políticas nefastas para esta comarca.

O Sr. González López di que non pode esquecerse os avances do último ano, por primeira vez se lle da a Galicia participación na AP-9 coa constitución dunha comisión que trata a súa xestión, hai que meditar á hora de votar esta moción, cando gobernaba o partido socialista non fixo nada por mellorar a situación da AP.-9 senón todo o contrario, e pregúntase, como queren pagar os cartos que se deben das autoestradas?, poñendo un imposto?, non están de acordo coas peaxes pero teñen claro que as débedas hai que pagalas, entenden que a forma non será a mellor pero si a menos mala, traballarán para que o goberno se reúna coa concesionaria para mellorar as condicións actuais da AP-9.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con cinco votos a favor dos membros do grupo Socialista, concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, e seis abstencións dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC, acorda aprobar a referida proposta.

II. PARTE CONTROL ÓRGANOS CORPORACIÓN:

4. INFORMES DA PRESIDENCIA:

A) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións ditadas desde a número 120 do 26-02-18 ata a 192 do 23-3-18.

B) Liquidación orzamento 2017. No cumprimento do establecido no artigo 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dáse conta da seguinte resolución da Alcaldía pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2017:

“RESOLUCIÓN. Liquidación orzamento 2017.

Visto o expediente de Liquidación do orzamento do exercicio de 2017, cos documentos contables que a xustifican, e os informes de Intervención sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda e sobre a propia liquidación.

De conformidade co disposto no artigo 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, sobre materia orzamentaria, RESOLVO:

Primeiro.- Prestar aprobación a Liquidación do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio de 2017, formulada pola Intervención segundo o establecido no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e artigo 90 do Real Decreto 500/1990.

a) O expediente consta da seguinte documentación:



CONCELLO DE CABANAS

- Estados numéricos da Liquidación do orzamento de gastos e ingresos 2017
- Resultado orzamentario do exercicio 2017
- Anexos: Relación de acredores.
 - Relación de debedores
 - Remanente de Tesourería
 - Acta de arqueo
 - Liquidación exercicios pechados
 - Movemento non orzamentarios de tesourería.
- Informes de Intervención.

b) Resultado orzamentario do exercicio de 2017 deducido da aplicación informática:

Concepto	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	2.774.968,94	2.367.235,43		407.733,51
b. Operacións de capital	347.772,96	754.690,94		-406.917,98
1. Total operacións non financeiras (a+b)	3.122.741,90	3.121.926,37		815,53
c) Activos financeiros	0,00	0,00		
d) Pasivos financeiros	35.448,31	43.300,78		- 7.852,47
2. Total operacións financeiras (c+d)	35.448,31	43.300,78		- 7.852,47
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO I=1+2	3.158.190,21	3.165.227,15		- 7.036,94
AXUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			301.485,98	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			112.048,46	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			73.193,11	
II TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)			340.339,33	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				333.302,39

c) Remanente de Tesourería do exercicio 2017

Concepto	Importes ano	Importes ano anterior
1. (+) Fondos líquidos	943.196,01	994.758,44
2. (+) Dereitos pendentes de cobro (total)	350.339,85	442.193,37
- (+) do orzamento corrente	289.969,94	384.887,38
- (+) de orzamentos pechados	59.929,91	57.305,99
- (+) de operacións non orzamentarias	0,00	0,00
3. (+) Obrigacións pendentes de pago	232.750,53	370.511,60
- (+) do orzamento corrente	141.555,60	273.954,94



CONCELLO DE CABANAS

- (+) de orzamentos pechados	7.712,06	7.633,06
- (+) de operacións non orzamentarias	83.482,87	88.923,60
4. Partidas pendentes de aplicación		
-(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	1.382,06	0,00
-(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	0,00
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	1.059.403,27	1.066.440,21
II. Saldos de dubidoso cobro	55.028,00	57.305,99
III. Exceso de financiamento afectado	41.176,43	120.664,82
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais	963.198,84	888.469,40

Segundo.- En base aos datos obtidos sobre a cualificación de Remanentes de 2017, en aplicación do principio de prudencia e normas de aplicación orzamentaria, parte do Remanente de Tesourería para gastos xerais está afectado ao financiamento de actuacións previstas e que non foron executadas no exercicio anterior polo que seguidamente se detallan as reservas que se expresan polos importes que se indican:

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	963.198,84
Reservas.	
1) Ingresos pendentes devolución recoñecidos a 31 de decembro de 2017	0,00
2) Financiamento para incorporación de remanentes de incorporación obrigatoria.	391.076,21
Suma reservas (1+2).	391.076,21
V. REMANENTE DISPONIBLE = Remanente gastos xerais- Reservas	572.122,63

O importe do superávit orzamentario por operacións non financeiras será xestionado de conformidade co establecido no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, na redacción dada a estes preceptos pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no Sector Público, en aplicación do establecido na Disposición Adicional Novena (“Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2014”) do Real Decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e Entidades Locais e outras de carácter económico. Para tal fin deberá terse en conta o establecido na Disposición Adicional Décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, na redacción dada a este precepto pola Disposición Adicional Primeira do Real Decreto Lei 2/2014, do 21 de febreiro (“Investimento Financeiramente Sostible”).

A contía resultante para financiar novos gastos poderá incrementarse cos importes que non resulten necesarios para os gastos reservados nos apartados 1, e 2 anteriormente citados.

Terceiro.- Dar conta da Liquidación do orzamento de 2017 ó Pleno da Corporación na primeira sesión que realice, así como, remitir copia da Liquidación aprobada á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.

C) Informe sobre orzamento 2017. Dáse conta da comunicación do informe de Intervención sobre o orzamento de 2018 en relación coa estabilidade orzamentaria, regra de gasto



CONCELLO DE CABANAS

e límite da débeda, remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, en cumprimento das normas establecidas ao efecto.

MOCIÓN DE URXENCIA. O concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez manifesta que ten unha moción de urxencia que trata dunha iniciativa para solicitar axuda de 15000 euros á Comisión Europea para dotar equipamentos de creación de redes Wiffi, de acceso gratuíto en espazos e edificios públicos, e a urxencia está motivada polos prazos da convocatoria.

O Sr. Alcalde sinal que iso xa está solicitado e xa contestaron grazas pola inscrición na Wiffi.4.EU, xa estamos inscritos e polo tanto non procede a moción.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención da concelleira Sra. Rodríguez Ferreiro

a.1.1. Que trámite falta no alcantarillado que vai de Lavandeira a Porcar para que se poida utilizar?

Resposta Sr. Alcalde: falta que Fenosa dea de alta a instalación e logo aprobar a ordenanza para a cal xa se encargou o estudo económico e poñelo en funcionamento, estes días chegou a autorización de Augas de Galicia.

a.1.2. Por qué non hai alumeadado no túnel que vai a Irís?.

Resposta Sr. Alcalde: revisaremos a ver o que pasa.

a.1.3. Rogo. Que cando se faga unha obra para o cal sexa necesario o peche dun camiño, que se indique con sinalización suficiente para evitar a entrada de vehículos que lo teñen dificultades para saír marcha atrás por zonas perigosas como é o camiño de Carballo a As Viñas.

Resposta Sr. Alcalde: está sinalizado nas dúas partes, pero revisarase a sinalización.

a.2. Intervención do concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez.

a.2.1. O goberno municipal quedou de ofrecer unha nova data para renovar o DNI ás persoas que quedaron en lista de agarda despois de que se desprazara a unidade móbil para renovar o DNI cando se cambiaron as direccións, non sei si hai avance nese tema e se hai previsión dalgunha data?.

Resposta Sr. Alcalde: está previsto que veñan como mínimo dúas veces máis este ano, estou pendente de que chamen para dar datas, cando as teñamos avisaremos e a lista da xente que xa estaba inscrita respectaráselle o número de orden.

a.2.2. Nos últimos dez días houbo novos problemas cos accesos a internet con avarías que volveron a manter a moita veciñanza sen acceso á rede, avanzou algo o goberno municipal no acordo que adoptamos no pleno anterior?.

Resposta Sr. Alcalde: todos somos conscientes de que os temporais afectan á conexión de internet, televisión, etc., e o concello desde a parte que lle corresponde intenta sempre falar coas compañías que dan o servizo e axilizar para que estea o menos tempo posible sen servizo.

a.2.3. Sobre a última edición de tapeando en Cabanas houbo xente que nos comentou que reducir a dous fins de semana era tempo insuficiente, podía ser interesante que se estendera á semana no medio dos dous fins de semana que se celebra, suxire que para outras edicións se amplíe o tempo de participación.



CONCELLO DE CABANAS

Resposta Sr.Alcalde: ese tema o facemos en coordinación cos propios hostaleiros, non querían por semana, vamos sempre a consensuar e ver as mellores datas e teremos que ir da man, si eles queren por semana nos de acordo.

a.3. Intervención do concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña.

a.3.1. Un tema que aos veciños do Concelle lles merece especial atención é a rehabilitación de vivendas, en febreiro de 2016 a Conselleira Ethel Vázquez fixo unha rolda de prensa co Alcalde nesta sala de plenos sobre os plans de rehabilitación para os camiños de Santiago a través de subvencións do IGVS cunha subvención de ata 0 35% do investimento subvencionable, varios concellos aproveitan para rehabilitar cascos históricos ou casas singulares, aquí un dos reclamos para cambio do camiño foi as axudas para rehabilitación.

Cantas axudas de rehabilitación recibiu Cabanas desde este anuncio de febreiro de 2016 e que accións realizou o Concello para promover a rehabilitación de vivendas con fins sociais?

Resposta Sr.Alcalde: non lle podó contestar con exactitude, abriuse o prazo e deuse información, o 18 de abril as vinte horas está prevista unha reunión aquí con técnicos da Xunta para explicar todo o proceso e que a xente se anime e saiba tódolos trámites que teñen que facer.

a.3.2. Sobre a mellora da accesibilidade no contorno da igrexa de Santo André de Cabanas cremos que lonxe de contribuír a resolver os problemas de mobilidade os complicou, por outra banda o recebo do muro non se cambiou e está sufrindo fendellas máis abertas, ademais na rúa de Abaixo abriuse un foio na saída da igrexa polo que descorren augas da fonte dos corvos, sospeitamos que non se tivo en conta á hora de realizar a actuación, nin tampouco a suxestión veciñal sobre as escaleiras para o aparcadoiro superior.

Que diagnose fixo o goberno local desta situación e que actuacións concretas ten previstas para resolver este problema?

Resposta Sr.Alcalde: falta unha segunda parte onde se vai acondicionar o muro, sacarlle ese cemento e deixalo con pedra vista, tamén se vai facer unha actuación para a que se solicitou autorización ao bispado de Santiago para que ceda o xardín da rúa Palacio e ampliar a vía e o ao firme desa rúa facerlle un tratamento especial, buscaremos financiamento para facelo.

a.3.3. Vostede sempre nos convida a aprobar o PXOM, xa nos perdemos si o que temos que aprobar é a versión de 2014, a de 2016, a de 2017 ou agora outra revisión de 2018.

Pódenos explicar as modificacións que sufriu o documento desde a última versión que nos entregou hai un ano aproximadamente e se ten previsto volvelo expoñer ao público?

Resposta Sr. Alcalde: empezo polo final, non creo que sexa eu quen o teña que dicir senón o técnico no seu informe quen diga si hai modificacións substanciais que requiran expoñelo ao público, en principio di que non é necesario; en canto ao que vamos aprobar, cando o traíamos a pleno vexo que vostede ten interese en aprobalo e votar a favor porque é un documento importante para Cabanas, houbo modificacións en 2016 e lle pasamos un CD para que estivese informado, as modificacións que hai vostede sabe moi ben que se modificou a liña da beira do mar e os planos e clasificación do solo nesa zona, con esa modificación o traeremos a pleno, é un documento clave que estivo a exposición pública, con transparencia e que se atrasa porque hai moitos informes que encaixar.

a.3.4. Sobre as medidas de prevención de incendios forestais, en principio adóptanse antes de que comece a tempada de risco.



CONCELLO DE CABANAS

Que actuacións está levando a cabo o goberno local nesta área e cal é a súa opinión sobre os medios dispoñibles?

Resposta Sr.Alcalde: estamos traballando neso sen maiores dificultades cos medios que temos, e se non temos medios suficientes se contratarán como se acordou nestes anos, Cabanas nese sentido fomos traballando sen ter maiores problemas.

a.3.5. No camiño vello unha das máquinas que estaban amañando alí no Areal meteuse nun furado ao lado dun pocete, no seu momento suxerimos que había que controlar a situación das augas, parece ser que se descartou o tema do alcantarillado pero por alí pasa un pequeno río.

Que fixeron alí, fixeron todo o previsto ou van ampliar a actuación e evitar que esas augas segan socavando o firme?

Resposta Sr. Alcalde: vostede fala do saneamento e está ben, foi revisado e hai un informe, o que se fixo foi revisar os pozos porque non estaban ben, esa revisión foi feita por Viaqua que é cousa deles.

a.3.6. Rogo. Hoxe mesmo volve a rebordar o saneamento no Barreiro por mor das choivas dos últimos meses, vostede dixo que a solución era unha futurible conexión da rede de saneamento de Laraxe a Edar de Chanteiro, a estrada da Deputación agravou o problema, seguimos insistindo suxeríndolle que actúe e corte a entrada de pluviais e correntes de auga soterrada no saneamento da estrada da Deputación.

a.3.7. Rogo. Desde comezos da lexislatura suxerímoslle en bastantes ocasións que mudase as pedriñas dos parques infantís por materiais similares ao corcho, entre outros motivos, por hixiene, fixemos un seguimento da situación e atopámonos que nunca foron limpadas, suxerímoslle que se faga cargo da limpeza periódica desas pedriñas dos parques infantís e se cumpra a normativa nese sentido.

a.3.8. Rogo. Sobre a modificación da ordenanza de transporte que está enfocada fundamentalmente ao alumnado que vai as universidades, suxerímoslle que se inclúa ao se amplíe esa ordenanza ao alumnado de FP e alumnado doutro tipo de formacións como módulos de garantía, módulos básicos de ESO, etc.

Resposta Sr. Alcalde: sobre o saneamento de Barreiro creo que será a cuarta ou quinta vez que lle contesto, o mellor hai que facer campaña de toallitas para que desde Geriatros non as tiren ao saneamento, parte da culpa é diso; sobre os parques infantís é un tema que se sole facer, analizaremos e veremos o que pasa, e no relativo a ordenanza estudaremos o tema e si é necesario faremos a ampliación.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte horas e quince minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

A large, stylized handwritten signature in black ink, appearing to be a cursive representation of the Mayor's name.

O Secretario

